

## INSTRUCCIÓN DO 26/09/2024 DA SECRETARÍA XERAL EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO PARA A CERTIFICACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS NA UDC NO MARCO DA ORDEN ISM/386/2024

### ANTECEDENTES

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións publica no Boletín Oficial do Estado do 1 de maio de 2024 (BOE num. 106) a Orde ISM/386/2024, de 29 de abril, pola que se regula a subscrición do convenio especial coa Seguridade Social a efectos do cómputo da cotización polos períodos de prácticas formativas e de prácticas académicas externas, reguladas na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, realizadas con anterioridade á data de entrada en vigor.

O artigo 3.1 da dita orde especifica o seguinte:

*Acreditar por parte do solicitante a realización das prácticas formativas ou as prácticas académicas externas indicadas no artigo 2.1, dirixidas á obtención da titulación correspondente e que non determinaron, no seu momento, a inclusión no sistema da Seguridade Social.*

*Tales extremos acreditaranse mediante **certificación expedida pola universidade** ou o centro educativo no que se cursaron os respectivos estudos, na que deberá constar se as prácticas foron ou non remuneradas e o período de duración das prácticas realizadas, con indicación expresa do número de días en que se levaron a cabo.*

*No caso de prácticas remuneradas, a certificación a que refírese o parágrafo anterior tamén poderá ser expedida polas empresas ou entidades en que se realizaron aquelas, de corresponderlles financiar a formación, ou polas entidades que a tivesen financiado, de ser distintas.*

A Presidencia de Crue-Asuntos Estudiantís da CRUE-Universidades Españolas, co obxecto de coordinar e facilitar a labor de certificación requirida na dita orde, elaborou un modelo que foi validado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Por todo iso, a Secretaría Xeral da UDC establece o seguinte procedemento para cumprir coa Orde ISM/386/2024 no que se refire á emisión de certificación por parte das universidades españolas:

### PROCEDEMENTO:

1. As persoas interesadas en solicitar a dita certificación na Universidade da Coruña (UDC) farán a súa solicitude a través de rexistro (<https://www.udc.es/es/srda/registro/>) dirixido ao órgano/unidade onde realizaron as prácticas achegando, de ser posible, toda a información dispoñible: tipo, órgano/unidade de realización das prácticas, datas, remuneración.
2. A unidade/servizo responsable das prácticas elaborará o borrador de certificado coa información dispoñible utilizando o modelo que se achega como **Anexo I** desta instrución e subirá o documento ao portafirmas da secretaria xeral para a súa sinatura e posterior envío ao solicitante

Código Seguro De Verificación	a2pP9argCCcQYPfKkuaJGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	26/09/2024 14:38:10
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/a2pP9argCCcQYPfKkuaJGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/a2pP9argCCcQYPfKkuaJGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**ANEXO I: Modelo de certificación**

Doña Marta María García Pérez, secretaria general de la Universidade da Coruña,

**CERTIFICO:**

Que según datos que obran en .....D./Dña. **NOMBRE Y APELLIDOS**, con NIF XXXX, ha realizado prácticas académicas externas durante el curso de sus estudios en los siguientes términos:

**TITULACIÓN 1:**

<b>Tipo:</b> (Curricular/Extracurricular)		
<b>Entidad colaboradora:</b> (nombre y CIF)		
<b>Remuneración:</b> (Si/No)		
<b>Fecha inicio:</b>		
<b>Fecha fin:</b>		
<b>Nº:</b> (solo no remuneradas)	<input type="checkbox"/> <b>Días</b>	
	<input type="checkbox"/> <b>Horas</b>	

**TITULACIÓN 2:**

<b>Tipo:</b> (Curricular/Extracurricular)		
<b>Entidad colaboradora:</b> (nombre y CIF)		
<b>Remuneración:</b> (Si/No)		
<b>Fecha inicio:</b>		
<b>Fecha fin:</b>		
<b>Nº:</b> (solo no remuneradas)	<input type="checkbox"/> <b>Días</b>	
	<input type="checkbox"/> <b>Horas</b>	

Lo que hago constar a los efectos de la Orden ISM/386/2024, de 29 de abril, por la que se regula la suscripción de convenio especial con la Seguridad Social a efectos del cómputo de la cotización por los periodos de prácticas formativas y de prácticas académicas externas, en la fecha indicada al margen.

Firmado en A Coruña en la fecha de la firma digital.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	a2pP9argCCcQYPfKkuajGw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	26/09/2024 14:38:10
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/a2pP9argCCcQYPfKkuajGw=">https://sede.udc.gal/services/validation/a2pP9argCCcQYPfKkuajGw=</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

